



ASEMBLEA DA ZONA DE GALICIA

23 e 24 de setembro de 2023

Convocadas pola nosa Coordinadora da Zona, Isabel Hiebra, reunímonos na casa de Encontros de Ourense o 23 e 24 de setembro de 2023. Chegamos desde os distintos lugares para participar na Asemblea da Zona, o 22 pola tarde, coa ilusión de saudarnos e estreitar os lazos fraternos que nos unen. Agradecemos a presenza de María Álvarez, coordinadora provincial, entre nós.

O día 23 comezamos a nosa xornada coa oración. Abertas a deixarnos conducir polo Espírito, para que El nos axude a escoitar e a deixarnos acompañar, do mesmo xeito que os discípulos no camiño de Emaús. A continuación, Isabel Hiebra, convidanos a participar na Asemblea, como un paso máis neste tempo novo que comezamos. @Teniendo en cuenta Lc 24, 17 “Que conversación levades polo camiño”, recibimos o documento “Forza transformadora e revolucionaria



das conversacións comunitarias”, de J. Cristo Rey García Paredes, para reflexionalo e interiorizalo, tendo en conta algunhas pautas do mesmo documento. Un descanso ás 12 e logo a seguir traballando. Ao final da mañá compartimos a experiencia do noso particular camiño de Emaús en grupos de tres, e comunicamos despois na Asemblea estas experiencias. O documento iluminounos, inspirounos e convidanos a mirar como son as nosas conversacións na Comunidade. Necesitamos crear entre todas un ambiente de confianza, comprensión e escoita para crecer en conversacións profundas, enriquecedoras e xenerativas. Todas temos grandes tesouros no noso corazón, e aí habita o Deus da Vida, que impulsa estas conversacións transformadoras.



Pola tarde, Anuncia Piñeiro, Administradora Provincial, de maneira clara, concreta e sinxela infórmanos do estado da Administración da Provincia. Agradecemos o seu servizo. A continuación, María Álvarez, preséntanos o informe da animación da Vida e Misión da Provincia no sexenio pasado. Agradecemos a dedicación, entrega e agarimo do Equipo Provincial ao servizo da Provincia. Despois dun pequeno descanso, segue

María coa presentación do proceso de elaboración do Plan Estratéxico da Provincia de España para o trienio 2023-2026.

Faion de maneira clara e sinxela. As irmás da zona que participaron no Capítulo provincial presentan o contido da planificación dos distintos temas con claridade e abertas ás intervencións da Asemblea.

Ao finalizar o día, presentamos ao Señor, na Eucaristía, o traballo realizado na súa compañía e agradecemos o ambiente fraterno entre nós.





Despois de cear, tivemos un espazo lúdico, para celebrar e gozar de todo o vivido.

O 24, segundo día da Asemblea, comezamos a oración co canto: “Coas mans cheas de vida”, canción de Sifra e Puá parteiras xudías sabias, valentes e arriscadas que se negaron a obedecer a orde do Faraón de matar os nenos

hebreos que nacían, arriscando a súa propia vida. Do mesmo xeito que estas mulleres, nós somos chamadas a COIDAR A VIDA, defender a dignidade, arriscarnos cada día ofrecendo liberdade.

Damos un paso máis no noso traballo: Facemos a proposta da nosa Coordinadora de Zona e agradecemos a súa dispoñibilidade para acoller o servizo que se lle pide. Conclúese este espazo cunha breve oración coa canción “A túa vida está nas miñas mans”.



Despois dunha pequena pausa, María Álvarez dá algunhas informacións:

- Presenza en Chiriaco. A través dun vídeo e dun power point achegámonos a aquela realidade da Amazonía peruana, tan próxima e querida para nós por pertencer á antiga provincia de San Xosé e na que estiveron varias irmás que viven nas nosas comunidades, algunhas presentes nesta asemblea.
- Situación de abusos na Igrexa. Dá unha información xeral deste problema na Igrexa de España e na nosa propia congregación, establecéndose un interesante diálogo sobre o tema.

Despois dun pequeno descanso, facemos a avaliación. O que máis valoramos destes días é:

- O encontro fraterno, a familiaridade, a confianza, o ambiente distendido, de serenidade, alegría, o agarimo e o coidado dunhas a outras.
- A preparación sinxela, clara e profunda do Encontro.
- A acollida ao que se presentou e a escóita a cada unha.
- A dispoñibilidade, servizo e acollida das irmás da casa.
- A oportunidade de coñecer o informe económico e o da vida e misión da Provincia.
- Experiencia de comunión, universalidade e sentido de corpo.



Agradecemos a presenza de Yolanda Pugal, do Equipo Xeral, que se atopaba en Ourense eses días, e estivo connosco en dous momentos: na tarde do sábado e na mañá do domingo. Vivimos esta presenza como expresión da súa proximidade e da do Equipo Xeral e da acollida á nosa realidade,

realidad, e da interconexión e universalidade da Congregación. Ela, pola súa banda, tamén nos manifestou o seu agradecemento pola invitación para participar connosco na nosa asemblea de Zona, expresando que lle axuda a achegarse á Provincia de España desde a realidade de Galicia; sentiuse ben, “na casa”; destaca a sinxeleza, acollida amorosa, alegría e vida da zona. A súa presenza e as súas palabras anímannos.

Sentimos a oración, a proximidade e o agarimo de todas. Moitas grazas. .

Magdalena Conde

